

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-----------------|----------|---------------|
| 36020349 | IES de Sanxenxo | Sanxenxo | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|---------------------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Educación en Valores Cívicos e Éticos | 3º ESO | 1 | 35 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 13 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 13 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 14 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 14 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 15 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 16 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 17 |
| 7.2. Actividades complementarias | 17 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 18 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 20 |
| 9. Outros apartados | 20 |

1. Introducción

A presente Programación Didáctica (PD), deseñada para a materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos de 3º curso da Educación Secundaria Obrigatoria, fundaméntase no Decreto 156/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, ao cal remitimos. O obxectivo da PD é adaptar á realidade do I.E.S. Sanxenxo as disposicións do decreto para garantir a axeitada atención ás necesidades do seu alumnado.

O IES Sanxenxo atópase no lugar de Baltar, parroquia de Portonovo, no concello de Sanxenxo. Polo que respecta ao contexto socioeconómico, a contorna caracterízase pola combinación das actividades vencelladas ao turismo e a pervivencia da cultura mariñeira e rural. O alumnado, procedente fundamentalmente das parroquias de Adina, Padriñán, Bordóns e Dorrón, é na súa maioría de orixe galega, aínda que se ven experimentando un aumento de alumnado de procedencia estranxeira. O centro presenta unha significativa e crecente porcentaxe de alumnado con necesidade específica de apoio educativo (dificultades en lectoescritura, diagnósticos de TDHA, TEA, etc).

No presente curso 2022-23, o número de alumnas e alumnos é de 310, repartidos en 13 grupos: tres grupos de 1º, 2º, 3º e 4º, máis un grupo de PDC en 3º. O Departamento de Xeografía e Historia conta con tres docentes, e imparte as materias de Xeografía e Historia, Economía, IAEE, Valores Éticos e Cultura Clásica. O sistema e a plataforma E-DIXGAL nos cursos de 1º e 2º da ESO está plenamente consolidada e desde o curso 2021-2022 implementouse tamén en 3º e 4º da ESO con resultados satisfactorios.

Coa presente PD buscamos facilitar ao alumnado non só a adquisición dos contidos propios da materia, senón tamén traballar as competencias clave en relación aos valores éticos, axudalos a prepararse para o seu futuro persoal, académico e laboral nunha etapa de formación da identidade como é a adolescencia, a través dunha mellora progresiva tanto da súa autonomía como do traballo en equipo. A materia, como todas as que pertencen ao departamento de Xeografía e Historia, é impartida en galego, co que buscamos dar resposta á situación de descompensación lingüística que presenta o alumnado en favor do castelán, tal como se recolle no plan lingüístico do centro.

Finalmente, a materia organízase en dúas Unidades Didacticas (UD) por trimestre. As unidades do primeiro trimestre responden ao bloque 1 do Decreto, "Autocoñecemento e autonomía moral"; as unidades do segundo trimestre responden ao bloque 2, "Sociedade, Xustiza e Democracia"; e as unidades do terceiro trimestre responden ao bloque 3, "Sustentabilidade e ética ambiental".

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|-----------|-------|---------|----|------|
| OBX1 - Inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, analizando criticamente información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autocoñecemento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada. | 2 | | | 1-2-3-4 | 1 | 1-2-3 | | |
| OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, a partir do recoñecemento fundado da súa importancia para regular a vida comunitaria e a súa aplicación efectiva e xustificada en distintos contextos, para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común. | 5 | 3 | | 1-2-3-4-5 | | 1-2-3-4 | | 1 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|-----------|-------|---------|----|------|
| OBX3 - Entender a natureza interconectada e inter e ecodpendente das actividades humanas, mediante a identificación e a análise de problemas ecosociais de relevancia, para promover hábitos e actitudes eticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables. | | | 5 | 1-2-3-4-5 | 2 | 1-2-3-4 | 1 | |
| OBX4 - Mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, recoñecendo e valorando as emocións e os sentimentos propios e alleos, para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demais e á natureza. | 1 | | | 1-2-3 | 1-2-3 | 1-3 | | 3 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Autocoñecemento, autoestima e xestión emocional. | Definición de conceptos clave, análise e exercicio de habilidades sociais e xestión emocional | 16 | 3 | X | | |
| 2 | As democracias e a participación nas sociedades actuais | Definición de ética e moral, exercicio crítico de reflexión ética arredor da liberdade de expresións, autonomía na toma de decisións e na expresión de ideas, e exercicio das competencias emocionais baixo principios éticos | 17 | 4 | X | | |
| 3 | Xustiza e Dereitos Humanos | Definición de conceptos clave, análise crítica e participativa da xustiza, a democracia e os valores de convivencia nas sociedades contemporáneas | 17 | 6 | | X | |
| 4 | As minorías e a discriminación | Elaboración dun proxecto grupal consistente nunha campaña de sensibilización sobre a necesidade de loitar pola igualdade de xénero e o cese da violencia machista e outros tipos de formas de discriminación (racismo, islamofobia...) | 17 | 7 | | X | |
| 5 | A globalización e a desigualdade | Análise dos problemas ecosociais e das propostas reais para a súa solución | 16 | 7 | | | X |
| 6 | Desenvolvemento sostible: Ética ambiental | Proxecto de vida sustentable guiada polos principios e valores traballados no curso | 17 | 8 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 1 | Autoconecemento, autoestima e xestión emocional. | 3 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana. | O alumno ou a alumna debe saber formular o seu propio autoconceito e reflexionar sobre o universo emocional | TI | 100 |
| CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual. | O alumno ou a alumna debe identificar, xestionar e comunicar ideas e emocións con empatía, respecto e asertividade no traballo cooperativo. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - A natureza humana. - A identidade persoal, o cruzamento de camiños entre a natureza, a crianza e o proxecto vital. - A educación de emocións e sentimentos. - A autoestima persoal. - A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas. - A educación afectivo-sexual. - Análise das accións. - Os motivos da acción: desexos e razóns. - A vontade como razón práctica. - A autonomía da vontade. - A responsabilidade das accións. - A ética e as éticas como guías das nosas accións. - O xuízo moral: as normas, o valor e o valioso, as virtudes, os sentimentos morais. - Universalismo e pluralismo moral. - Éticas da felicidade, éticas do deber, éticas da virtude. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---|----------|
| 2 | As democracias e a participación nas sociedades actuais | 4 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|-----|
| CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual. | O alumno ou a alumna debe identificar, xestionar e comunicar ideas e emocións con empatía, respecto e asertividade no traballo cooperativo. | TI | 100 |
| CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar. | O alumno ou a alumna debe demostrar a comprensión dos conceptos éticos básicos e analizar o dereito á liberdade de expresión mediante o traballo cooperativo, a deliberación crítica e respectuosa e a proposta de solucións creativas | | |
| CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas. | O alumno ou a alumna debe traballar cooperativamente con empatía, respecto e asertividade arredor das cuestións éticas e os dereitos individuais | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos. - O obxecto da ética. - A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar. - A natureza humana. - Liberdade e moralidade como características especificamente humanas. - Análise das accións. - Os motivos da acción: desexos e razóns. - A vontade como razón práctica. - A autonomía da vontade. - A responsabilidade das accións. - A ética e as éticas como guías das nosas accións. - O xuízo moral: as normas, o valor e o valioso, as virtudes, os sentimentos morais. |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Universalismo e pluralismo moral. - Éticas da felicidade, éticas do deber, éticas da virtude. - Ética e dereito. - Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito. - O conflito lexitimidade-legalidade. - A obxección de conciencia. - Os dereitos individuais e os deberes cidadáns. - O debate sobre a liberdade de expresión. - A ética na sociedade actual. - O problema da desinformación. - A protección de datos e o dereito á intimidade. - O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais. - As condutas adictivas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------------------|----------|
| 3 | Xustiza e Dereitos Humanos | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos. | O alumno ou a alumna debe demostrar a comprensión dos conceptos básicos do tema mediante a consulta de fontes diversas e a elaboración de tarefas escritas | TI | 100 |
| CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos. | O alumno ou a alumna deberá recoller información sobre movementos asociativos e ONGs que loitan polos dereitos humanos e participar na proposta de accións cooperativas | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica. | O alumno ou a alumna será quen de compartir unha opinión fundada sobre cuestións éticas de actualidade. | | |
| CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos. | O alumno ou alumna deberá indagar e analizar con postura crítica a historia democrática española. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A sociedade humana: natureza e orixe. - As estruturas sociais e os grupos de pertenza. - Cooperación e altruísmo fronte a competencia e egoísmo. - A convivencia social. - As virtudes do diálogo e as normas de argumentación. - A resolución pacífica de conflitos. - A empatía cos demais. - A política. - Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade. - Formas de Estado e tipos de goberno. - A democracia: principios, procedementos e institucións. - O Estado español como estado social e democrático de dereito. - Valores constitucionais. - A memoria democrática. - A participación democrática: ser cidadáns. - Outras formas de participación social: o asociacionismo e o voluntariado. - A procura da xustiza social. - A desigualdade económica e a loita contra a pobreza. |

Contidos

- Globalización económica e bens públicos globais.
- O comercio xusto.
- O valor social dos impostos.
- A convivencia pacífica e segura.
- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política.
- A atención ás vítimas da violencia.
- Accións individuais e colectivas en favor da paz.
- A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación.
- O dereito internacional e a cidadanía global.
- As forzas armadas e a defensa ao servizo da paz.
- O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz.
- Os desafíos da democracia actual.
- Os códigos deontolóxicos.
- As éticas aplicadas.
- Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética.
- O desafío da intelixencia artificial.
- As propostas transhumanistas.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------------------|----------|
| 4 | As minorías e a discriminación | 7 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos. | O alumno ou a alumna deberá recoller información sobre movementos asociativos e ONGs que loitan polos dereitos humanos e participar na proposta de accións cooperativas | TI | 100 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos. | O alumno ou a alumna participará activamente nun proxecto de sensibilización no eido da eliminación da violencia contra a muller e da igualdade de xénero | | |
| CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos. | O alumno ou a alumna deberá xustificar con fundamento ético a pertinencia da loita polos dereitos das mulleres | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Os dereitos humanos. - Referente moral da democracia e a xustiza social. - Xeracións e historia dos dereitos humanos. - Dereitos da infancia. - Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza. - A igualdade de xénero. - As diversas ondas e correntes do feminismo. - A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres. - A corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados. - A sociedade e a cidadanía plural. - O interculturalismo. - A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero. - Os dereitos LGTBIQ+. - A convivencia pacífica e segura. - A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política. - A atención ás vítimas da violencia. - Accións individuais e colectivas en favor da paz. - A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación. |

| Contidos |
|---|
| - O dereito internacional e a cidadanía global. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------------------------|----------|
| 5 | A globalización e a desigualdade | 7 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecoddependencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan. | O alumno ou a alumna será quen de analizar e explicar as causas e consecuencias dalgúns dos problemas ecosociais máis relevantes na actualidade | TI | 100 |
| CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas. | O alumno ou a alumna deberá facer unha valoración argumentada e informada sobre algunha proposta de acción climática | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente. - Percorrido crítico sobre as diferentes formas de relación do ser humano coa natureza ao longo da historia e a pegada ecolóxica das accións humanas no planeta. - Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecoddependencia. - A protección do medio ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración. - Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta. - Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos. - Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable. - Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul. - Hábitos para unha xestión adecuada dos recursos e tratamento preventivo dos residuos. A mobilidade segura, saudable e sustentable. - Consumo responsable e soberanía alimentaria. - Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais. - Xustiza ecolóxica. - Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo. - Ecofeminismo e ética do coidado. - Protección e dereitos dos animais. |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais. - O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en dereitos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---|----------|
| 6 | Desenvolvemento sostible: Ética ambiental | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas. | O alumno ou a alumna deberá facer unha valoración argumentada e informada sobre algunha proposta de acción climática | | |
| CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais. | O alumno ou a alumna participará activamente nun proxecto de sensibilización sobre o desenvolvemento sostible e a acción climática | TI | 100 |
| CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas. | O alumno ou a alumna debe traballar cooperativamente con empatía, respecto e asertividade arredor das cuestións medioambientais e de desenvolvemento sostible | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta. - Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos. - Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable. - Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul. - Hábitos para unha xestión adecuada dos recursos e tratamento preventivo dos residuos. A mobilidade segura, saudable e sustentable. - Consumo responsable e soberanía alimentaria. - Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais. |

Contidos

- Xustiza ecolóxica.
- Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo.
- Ecofeminismo e ética do coidado.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a aplicar estaría baseada nalgúns aspectos da pedagogía construtivista, que postula a necesidade de entregar ó alumnado as ferramentas necesarias para xerar andamiaxes que lles permitan construír os seus propios coñecementos, modificando as súas ideas preestablecidas para poder aprender.

Dado que prima a curiosidade e o autoconhecimento, terán unha importancia capital as TIC, as cales permiten estimular a formación dunha estrutura baseada en valores, ideas, visións e intercambios sociais. Será tamén de importancia central as actividades colaborativas e da participación na clase, favorecidas polo uso de presentacións dixitais nas que se buscará a implicación constante do alumnado e o seu compromiso activo no proceso de ensino-aprendizaxe. Para poder empregar mecánicas colaborativas e acadar un bo clima relacional na aula, temos que partir dunha serie de principios: a responsabilidade individual dentro do grupo, evitando as actitudes disruptivas; interdependencia positiva na consecución de obxectivos comúns; habilidades de colaboración como o traballo en equipo, liderazgo, solución de conflitos, etc.

Ademais do propio apoio dado na aula, faremos entrega ó alumnado de distintos materiais teóricos, que lles poidan valer de referencia para a realización das tarefas individuais e os traballos cooperativos.

En cada un dos trimestres realizaranse dúas actividades individuais e un traballo en equipo. Actividades e traballos dan resposta aos Criterios de Avaliación e foron deseñados seguindo os obxectivos curriculares coa intención de dar resposta aos descritores operativos do perfil de saída. Así pois, algúns dos criterios que guiaron o seu deseño son os seguintes:

- Que faciliten o desenvolvemento de capacidades relacionadas coa análise de fontes, o tratamento da información e a resolución de problemas.
- Que desenvolvan a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo e o leven a reflexionar sobre as cuestións éticas e a potenciar o seu pensamento crítico.
- Que favorezan a creatividade e a proactividade no traballo cooperativo.
- Que proporcionen aprendizaxes sobre modelos de actuación guiados por conceptos, normas e valores cívicos e éticos en busca do ben común.
- Que favorezan o afondamento no coñecemento de sí mesmos/as, a regulación emocional e a autonomía moral.
- Que potencien a implicación activa en defensa da igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes e a eliminación de todo tipo de violencia contra as mulleres.
- Que potencien a implicación activa en defensa da ética ambiental e a loita contra a crise climática.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Power point de contidos teóricos |
| Bibliografía especializada |
| Exercicios prácticos de afondamento individual nos contidos teóricos |
| Recursos audiovisuais para a celebración de actividades de debate |
| Materiais de creación propia para o desenvolvemento de proxectos de traballo grupal |

Filmes

No desenvolvemento das sesións faremos uso de recursos didácticos en diferentes formatos. No tocante ao material bibliográfico, empregaremos bibliografía especializada (sirva de exemplo o "Universo das Emocións" para as tarefas do primeiro bloque). Polo que respecta ao material audiovisual, serán de utilidade fragmentos de documentais e recursos cinematográficos a raíz dos cales propiciar o debate en gran grupo. Finalmente, faremos uso de recursos informáticos e materiais de creación propia nos proxectos de traballo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ademais da información facilitada polo equipo docente do curso anterior e a comunicación co Departamento de Orientación, para coñecer o punto de partida do grupo en aspectos concretos da materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos propoñemos unha tarefa de avaliación inicial na primeira sesión do curso, logo de facer as presentacións iniciais.

Esta avaliación inicial consiste nunha proba escrita composta por unha batería de preguntas arredor dos conceptos éticos básicos e dalgunhas cuestións teóricas arredor das teorías éticas e os Dereitos Humanos, entre outros aspectos.

A proba de avaliación inicial resulta de gran utilidade para establecer os mínimos a acadar ao longo do curso, reflexionar sobre a metodoloxía de traballo e valorar a adopción de medidas de atención educativa, como o reforzo educativo. Deste xeito, logramos actuar de xeito precoz ante as posibles dificultades atopadas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | Total |
|-----------------------|------|------|------|------|------|------|-------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 16 | 17 | 17 | 17 | 16 | 17 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

Tódolos CA serán avaliados a través de táboas de indicadores para a corrección de tarefas de realización individual (40% da nota) e traballos cooperativos de realización grupal (60% da nota). Os diferentes traballos e tarefas deberán ser entregados no prazo indicado e serán puntuado seguindo as rúbricas: excelente 6; regular 3; mal 0, no caso dos traballos grupais, e excelente 4; regular 2; mal 0, nos de realización individual, calculando logo a media. Na propia rúbrica aportaranse os matices que poden levar a notas con decimais.

A nota da avaliación será o resultado de: $[(\text{Media Traballos grupais} \times 60) + (\text{Media traballos individuais} \times 40)] / 100$.

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 0,85 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior.

A cualificación final de curso calcularase facendo a media das avaliacións trimestrais tendo en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle deu ás unidades de cada avaliación.

1ª avaliación: suporá o 33 por cento da nota final

2ª avaliación: suporá o 34 por cento da nota final

3ª avaliación: suporá o 33 por cento da nota final

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de: $[(\text{Nota } 1^{\text{a}} \text{ aval.} \times 33) + (\text{Nota } 2^{\text{a}} \text{ aval.} \times 34) + (\text{Nota } 3^{\text{a}} \text{ aval.} \times 33)] /$

100.

Para o cálculo da cualificación final poderán empregarse as cualificacións trimestrais incluíndo os decimais, e tanto nas cualificacións trimestrais como na final aproximarase a partir de 0'85, é dicir, se tras este cálculo o alumno ou alumna acadou unha nota de 4,85 puntos ou máis, a materia está superada. O curso estará superado cando a cualificación sexa 5 ou superior.

O non participar nos traballos grupais ou entregar tarefas ou traballos non orixinais suporá unha cualificación negativa.

Criterios de recuperación:

Farase unha recuperación por trimestre, preferentemente ao inicio do seguinte, onde poderán volver a entregar as tarefas e traballos que non acadasen unha cualificación positiva e que se cualificarán seguindo as rúbricas: excelente 6; regular 3; mal 0, no caso dos traballos grupais, e excelente 4; regular 2; mal 0, nos de realización individual, calculando logo a media. Na propia rúbrica aportaranse os matices que poden levar a notas con decimais.

A nota da avaliación será o resultado de: $[(\text{Media Traballo grupais} \times 60) + (\text{Media traballos individuais} \times 40)] / 100$.

Necesitase un mínimo de 4,85 sobre 10 para recuperar a avaliación. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que promocionou a un curso superior coa materia pendente deberá seguir un plan de recuperación destinado á súa recuperación e á súa superación. Dito plan será redactado polo profesorado que lle imparta docencia no curso que lle corresponda tendo en conta os parámetros establecidos na programación ordinaria. Para a elaboración e o seguimento do plan de recuperación ao que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Dito plan de recuperación terá unha secuenciación e avaliación trimestral atendendo aos criterios de cualificación que soamente se tratan no nivel da materia

pendente, quedando os demais criterios supeditados a avaliación positiva obtida no nivel actual no que se atope o alumnado.

A realización de tarefas individuais trimestrais propostas polo docente suporá o 100% da nota. De non chegar ao aprobado farase unha recuperación por trimestre, preferentemente ao inicio do seguinte, onde poderán volver a entregar as tarefas que non acadasen unha cualificación positiva e que se cualificarán ao igual que as trimestrais seguindo as rúbricas: excelente 10; regular 5; mal 0, calculando logo a media. Na propia rúbrica aportaranse os matices que poden levar a notas con decimais. Necesitase un mínimo de 4,85 sobre 10 para recuperar a avaliación.

O procedemento para calcular a nota do final de curso é a media ponderada da nota de cada un dos trimestres onde o primeiro trimestre suporá o 34% da nota, o segundo trimestre o 34% e o terceiro trimestre o 32%, necesitándose un mínimo de 4,85 sobre 10 de media para superar a materia. Así, a $NOTA\ FINAL = [(Nota\ 1^a\ aval.\ x\ 34) + (Nota\ 2^a\ aval.\ x\ 34) + (Nota\ 3^a\ aval.\ x\ 32)] / 100$.

O entregar tarefas individuais non orixinais derivará nunha cualificación negativa.

6. Medidas de atención á diversidade

Considerando a existencia de alumnos e alumnas con diferentes necesidades educativas derivadas das distintas capacidades, motivacións, estilos de aprendizaxe e intereses, procuramos na aula dar resposta a esta diversidade a través de medidas ordinarias que permitan acadar os obxectivos educativos por vías diferentes. Deste modo, buscase o equilibrio entre os tipos de capacidades a desenvolver, os tipos de contidos a traballar, os instrumentos e modos de avaliar, o uso de metodoloxías diversas ou a flexibilidade de agrupamentos e ritmos de aprendizaxe.

Dun xeito máis específico compre resaltar que no centro levamos a cabo medidas consensuadas co Departamento de Orientación para dar resposta aos diagnósticos por Déficit de Atención e Hiperactividade, o Trastorno do Espectro Autista e as Dificultades de Lectoescritura.

A proba de avaliación inicial resulta de gran utilidade para valorar a adopción de medidas de atención educativa, como os reforzos educativos ou as adaptacións curriculares. Deste xeito, logramos actuar de xeito precoz ante as posibles dificultades atopadas. Paralelamente, levase a cabo un intercambio de información coa persoa titora e o Departamento de Orientación, para unha axustada valoración das medidas de atención educativa que deberan poñerse en marcha co alumnado na materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos.

O reforzo educativo contempla a realización de exercicios específicos e o deseño de materiais particulares sobre os mínimos de consecución marcados na materia. Os alumnos/as que precisen dun reforzo educativo haberán de acadar en calquera caso os obxectivos e criterios de avaliación mínimos da materia para obter unha avaliación positiva.

No caso do alumnado que repite curso coa materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos suspensa, ou que promociona de curso coa materia pendente, se tomará a medida de aplicarles reforzo educativo na materia.

As adaptacións curriculares, realizadas en colaboración co Departamento de Orientación, poden modificar os elementos prescriptivos do currículo segundo as necesidades do alumno/a, con probas e tarefas deseñadas especificamente para os alumnos/as que as necesiten.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|--|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - TIC e Comunicación Audiovisual | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Educación emocional e formación en valores | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Igualdade de xénero, diversidade sexual e loita contra a violencia machista | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Educación para a paz, a liberdade, a xustiza, a democracia e os dereitos humanos | | X | X | X | X | |
| ET.6 - Concienciación e formación sobre o cambio climático e o desenvolvemento sustentable | | | | | X | X |
| ET.7 - Educación para a saúde | X | | | X | X | X |

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----------------|---|----------|----------|----------|
| Viaxe a Ferrol | Actividade para o alumnado de 3º E.S.O. enmarcada dentro do programa educativo Proxecto Terra | | | X |

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----------------------|--|----------|----------|----------|
| Clube de lectura | Actividade de lectura co obxectivo de tratar obras relacionadas cos valores éticos e cívicos | X | X | X |
| Olimpiada Filosófica | Presentación do alumnado á Olimpíada Filosófica | | | X |

Observacións:

A baixa carga horaria da materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos (de 1 hora á semana), dificulta a proposta de actividades complementarias. Porén, colaboraremos co equipo docente doutros departamentos.

Asemade, tentaránse desenvolver as actividades complementarias propostas en función da dispoñibilidade de horarios prevendo:

- Constitución dun clube de lectura que se desenvolverá ata o meis de Xuño. A participación no club é voluntaria e estará aberta a todos os alumnos e alumnas que o requiera. Se tratarán obras de temática cívica e social.
- Actividades relacionadas con datas significativas, como o Día Internacional dos Dereitos Humanos, Día da Paz, Día da Muller Traballadora, etc. Estas datas ten especial relevancia para traballar elementos transversais que contribúen a reforzar os obxectivos das materias deste Departamento.
- Se a temporalización o permite tentarásese participar na olimpíada filosófica, unha iniciativa educativa que pretende achegar os saberes filosóficos ao alumnado de diferentes xeitos, e que ten como obxectivo fomentar o espírito crítico, o coñecemento e respecto de todo o alumnado galego que cursa materias do Departamento de Filosofía. Esta actividade está programada para a 1º e 2º avaliación.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Metodoloxía empregada |
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado |
| 10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación |
| 13. As clases están ben preparadas |
| 14. Os materiais polos que debemos estudar son claros |
| 15. As explicacións da docente axúdannos a aprender |
| 16. A docente aporta datos interesantes sobre temas relacionados coa materia |
| 17. A docente consegue despertar o interese pola materia |
| 20. Amósase ao alumnado con claridade cales son os obxectivos da materia |
| 21. O docente comeza as clases con puntualidade |
| 24. Os criterios de avaliación da materia foron ben explicados |

| |
|--|
| 25. As probas escritas, boletíns e traballos foron corrixidos e entregados ao alumnado nun prazo razoable |
| 26. Esta docente axudoume a aprender |
| 27. A teoría e os boletíns aportados pola docente en Edixgal resultáronme de axuda coa materia |
| 28. As probas escritas, boletíns e traballos se correspondían cos temas tratados na clase pola docente |
| 29. Con esta materia aprendín cousas que considero valiosas para a miña formación académica |
| 30. O modo de impartir as clases deste docente motivárame a estudar e facer as tarefas da materia |
| 32. O meu grado de satisfacción é alto |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| 11. Dase un peso real á observación do traballo na aula |
| 19. A docente utiliza axeitadamente os medios didácticos para facilitar o aprendizaxe |
| Medidas de atención á diversidade |
| 7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE |
| 8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE |
| 9. Atendéuse adecuadamente á diversidade do alumnado |
| Clima de traballo na aula |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado |
| 12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo |
| 18. Foméntase a participación do alumnado |
| 22. O docente está dispoñible para atender ás dúbidas sobre a materia |
| 23. O docente amósase correcta no trato co alumnado |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado |
| 6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado |
| 31. As actividades realizadas axudáronme a mellorar a miña preparación xeral en aspectos como, por exemplo: expresión (oral e escrita), uso da información, capacidade crítica, etc. |

Descrición:

Para realizar a avaliación e seguimento da presente programación, semanalmente os membros do Departamento, irán valorando as modificacións ou o desenvolvemento da mesma, de forma que as dificultades atopadas poderán ser solucionadas con inmediatez. Unha vez cada mes este seguimento, coas modificacións realizadas, farase constar na acta das reunións.

Do mesmo xeito a través da Memoria do Departamento, realizase unha avaliación final que determina o alcance dos resultados acadados ó remate do proceso. A finalidade é medir a funcionalidade do plan ou programa no seu conxunto e as posibles modificacións para conseguir unha mellora.

Para realizar estas avaliacións do proceso de ensino-aprendizaxe, e poder detectar as posibles dificultades e

necesidades, os membros do Departamento no seu conxunto valorarán os resultados obtidos polos alumnos e alumnas dos distintos cursos e materias, o grao de cumprimento dos obxectivos xerais e por cursos, e revisarán o proceso de ensino aprendizaxe para o que poden empregar rúbricas que recollan as cuestións plantexadas no apartado superior.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora faranse a través da pestana de seguimento de Proens ó final de cada avaliación. Para este proceso terase en conta:

*Técnicas: observación directa, análise de adecuación e análise de tarefas e documentos.

*Instrumentos: cuestionarios, fichas, entrevistas, rexistros de información, tarefas escolares, probas obxectivas.

*Criterios fundamentais: teranse en conta aspectos como:

1) Nivel de adecuación entre a programación e o desenvolvemento da práctica docente

2) Grao de satisfacción do alumnado coa materia

3) Porcentaxe de aprobados/suspensos en cada grupo

4) Nivel de desenvolvemento dos contidos da materia

Aspectos a analizar na revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

1. Realízouse a avaliación inicial.

2. Aplícanse medidas de atención á diversidade, reforzos, apoio e recuperación.

3. Cumprimento da temporalización dos contidos e estándares.

4. Aplícase a metodoloxía didáctica acordada no departamento.

5. Incorporáanse as TIC ao proceso de ensino e aprendizaxe.

6. Vincúlanse os instrumentos de avaliación cos estándares.

7. Úsanse os distintos instrumentos de avaliación.

8. Mídense os estándares básicos en cada área.

9. Analízanse os resultados das avaliacións individualizadas.

10. Tratamento preciso dos temas transversais.

11. Coordinación do profesorado da mesma materia.

9. Outros apartados